



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 23 DE FEBREIRO DO 2017.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)
D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)
D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodriguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 19:00 horas do día vintetres de febreiro de 2017 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 26 DE XANEIRO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 26 de xaneiro de 2016 (ordinaria) , ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 30 de decembro, tres, unha, sobre xeración de créditos nº 15/16; unha, sobre xeración de créditos nº 16/16; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de decembro; cinco, sobre aboamentos..

Do 16 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de xaneiro; tres; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de xaneiro; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 27 de xaneiro; catro, unha, sobre expedición tarxeta de estacionamento; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de xaneiro; dúas, unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de xaneiro; tres; unha sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de febreiro; dúas, unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de febreiro; tres; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras unha, sobre aboamentos.

Do 06 de febreiro; catro; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre concesión de permiso por asunto familiar; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 15 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 16 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 17 de febreiro; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 22 de febreiro, seis; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; catro, sobre arquivo expediente; unha, sobre concesión vacacións.

Do 23 de febreiro, unha sobre concesión de vacacións.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

3.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL RIBEIRO EN COMUN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA COLABORE NO ASESORAMENTO DOS CONSUMIDORES RESPECTO DAS CLAUSULAS CHAN.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A recente sentenza europea sobre nulidade das cláusulas solo ven de revertir a práctica que viñan exercendo as entidades financeiras ata o día de hoxe, xa que a maioría de bancos só veu devolvendo o cobrado por estas cláusulas abusivas desde o 9 de maio de 2013, a data fixada polo Tribunal Supremo.

A sentenza europea declara que a nulidade da cláusula solo dunha hipoteca non tería o límite temporal de 2013, senón que devolvería desde a sinatura do contrato. O que pode significar que as entidades bancarias se vexan obrigadas a devolver todo o diñeiro cobrado de máis ao seus clientes polas denominadas Cláusulas Chan, e non só desde 2013, tal e como viñan facendo ata agora seguindo a xurisprudencia do T. Supremo.

A problemática das cláusulas chan afectan a unha boa parte da cidadanía.

Máis de 35 de cada 100 hipotecas asinadas no territorio estatal inclúen unha cláusula chan, e a porcentaxe foi máis alta nos anos da burbulla inmobiliaria. Catro de cada dez galegos e galegas que pagan unha hipoteca están regalando milleiros de euros aos bancos. As persoas consumidoras teñen dereito a que se elimine a cláusula chan do seu contrato e a recuperar o que lle fixeron pagar indebidamente.

Esta Moción ten como obxectivo que desde o Concello se axude á veciñanza de Ribadavia afectada por este novo cobro bancario anulado pola xustiza a despexar as súas dúbidas sobre as cláusulas chan e o impacto que a recente sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ten sobre a devolución dos importes cobrados indebidamente.

Trala sentenza ditada polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), o número de consultas sobre as cláusulas chan aumentou e cada día persoas consumidoras piden e buscan información e asesoramento. Neste sentido, debese achegar información especializada, actualizada e veraz sobre as cláusulas chan e as opcións que teñen as persoas afectadas por esta fraude masiva.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte **ACORDO:**

-Que o Concello de Ribadavia estableza o asesoramento técnico e profesional á súa veciñanza sobre as chamadas "Cláusulas Chan". Este asesoramento pode ser a través de convenio e colaboración con profesionais e asociacións de consumidores que conten con especialistas nesta temática, ou ben a través da formación do persoal municipal en materia de consumo para a temática das cláusulas solo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (Agrupación de Electores Ribeiro en Común, P.S.O.E. e B.N.G.); reserváanse para o Pleno os membros do P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparente. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para explicar o contido da proposta, dí que estamos ante unha estafa bancaria de gran magnitude; dí que o seu grupo é consciente de que no Concello existe a OMIC, se ben dada a complexidade e especialidade do tema pensa que pode abordarse a traves dunha asociación especializada ou asociación sen ánimo de lucro.

O Sr. Vázquez López, anuncia a súa abstención, xa que é un tema que está sendo abordado polo propio goberno e as entidades bancarias, as cales teñen a intención de devolver o cobrado de máis.

Os Sres. Garcia Soto e Fernández Gil, voceiros do B.N.G. e P.P: respectivamente, manifestan a conformidade coa proposta presentada.

O Sr. Iglesias Sendin, intervén para manifestar a conformidade coa proposta se ben sinala que habera que articular mecanismos para asesorar a xente non solo no tema de reclamación do indebidamente cobrado senon tamén nas posibles repercusións fiscais.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que o que se pretende é un asesoramento dende o Concello e solicita que sexa a traves dunha asociación sen ánimo de lucro.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, doce (P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); abstencións unha (Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

4.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. SOBRE OS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E AS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑIAS ELECTRICAS SUBMINISTRADORAS.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.-** Ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir tamén cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentrais, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Mesmamente no noso concello somos coñecedores deste caso de primeira man. Sufrimos, en varias parroquias do noso concello os cortes de luz producidos polos temporais e vimos como os concellos do arredor tiñan o mesmo problema, pese a contar cunha central hidroeléctrica ao noso caron que cada vez reporta menos beneficios aos nosos veciños tendo que asumir o impacto ambiental que supuxo e supón.

Polo anteriormente exposto, o grupo do BNG presenta a seguinte moción para o seu tratamento e debate polo Pleno da Corporación:

O Pleno do concello de Ribadavia acorda:

1. Instar ao Goberno galego a:

a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola...), actividade industrial e sector servizos.

b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) Exixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.

2. Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Garcia Soto, para sinalar que estamos ante un tema de actualidade e con repercusión especial no Concello; dí que motivado polo recente temporal veciños do Concello sufriron perdas económicas importantes incluso o propio Concello veu afectado os seus servicios e infraestructuras, explicando de seguido as proposta de acordo.

O Sr. Vázquez López, manifesta a conformidade coa proposta presentada.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que está de acordo co espírito da proposta, dí que lle parece incomprendible o que sucedeu e o atribue a unha mala xestión que o final pagan os veciños; mostra a súa conformidade cos acordos propostos.

O Sr. Fernández Gil, manifesta que hai cuestións da proposta cos que non está de acordo, dí que a Xunta adoptou os pasos máis lóxicos, así incoou un expediente informativo as empresas eléctricas e puxo canles de información os cidadans a traves de teléfonos de información, páxina web, Instituto de consumo...Finaliza a súa intervención dicindo que non se pode responsabilizar as Administracións cando se trata de cuestións que escapan do seu control.

O Sr. Iglesias Sendín, intervén para manifestar que hai que esixir responsabilidades as empresas subministradoras e indica que dende o Concello deuse información de como reclamar a traves da súa páxina web.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que o que hai que adoptar é medidas para evitar que situacións como estas se volvan a producir, entendendo que as infraestructuras non son as adecuadas para o entorno no que nos atopamos. Finaliza dicindo que tanto o Estado como as CCAA son os que deben esixir o cumprimento da normativa.

O Sr. Garcia Soto, dí que o P.P. non é consciente de cál é a realidade galega, sinalando que o responsable é o que ten as infraestructuras en mal estado.

O Sr. Fernández Gil, dí que para tomar decisións o primeiro que hai que facer é avaliar a situación é eso foi o que fixo a Xunta coa apertura de dilixencias informativas.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: : votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G. , Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

5.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL RIBEIRO EN COMUN PARA MELLORAR A ORGANIZACIÓN E O TRABALLO NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Servicios de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

Na actualidade o Concello de Ribadavia está en proceso de redacción, elaboración e aprobación dun Documento de Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribadavia (RPT).

Documento RPT.

A realidade laboral e contractual da plantilla de traballadores do Concello é de moi pouco persoal con rango de funcionario e de persoal laboral fixo. Isto imposibilita que esta RPT sexa un documento de práctica real e útil para a realidade do noso Concello, xa que a RPT só é de obriga legal para funcionarios/as e persoal laboral fixo, sendo a plantilla municipal unha inmensa maioría de temporais aos que non lles afecta legalmente este Documento RPT.

Por este motivo un dos puntos desta Moción será que o traballo realizado pola empresa EOSA na redacción deste Documento RPT, sexa trasladado aos traballadores e traballadoras para negociar, acordar e consensuar cada posto de traballo, para que este Documento RPT se converta en referencia da organización municipal das áreas, servizos e postos de traballo existentes no Concello de Ribadavia.

A plantilla do noso Concello non é nada pequena, si a comparamos con outras de concellos similares. Sen embargo, ás veces semella que existe certa descoordinación e falta de supervisión nos postos dirixentes do concello.

Horario e xornada laboral.

Horarios ríxidos, mesmo ás veces obsoletos. Hai servizos que pola súa función deberan ter unha flexibilidade horaria, mesmo permitir organizar o servizo por quendas de traballadoras. Non queremos entrar na causística, pero si mencionar algún caso a modo de exemplo: como o servizo de limpeza, que non dispón de horario de tardes ou fin de semanas, máis alá dos días puntuais de acumulación de visitantes en Ribadavia, na que ademais realizan unha gran labor de merecido recoñecemento. Outro exemplo pode ser o servizo de turismo ou o de cultura, que non teñen regularizado os horarios flexibles que sen embargo exercen na práctica. Existen moitos máis servizos municipais en situacións de desregularización semellante.

Cumprimento do horario que estipulan os contratos.

Nuns casos facendo os traballadores e traballadoras horas de máis sen ser recoñecidas, por exemplo tendo un contrato de menos de 8 horas e facendo máis. Noutras, facendo horas de menos como pauta colectiva consuetudinaria e regularizada. Neste caso, o horario actual non ten relación co absentismo laboral, tampouco coa mala fe nin moito menos, xa que os traballadores e traballadoras municipais caracterízanse por ser profesionais comprometidos, senón que debe ser a regulación dun horario estándar para



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

todos e todas as traballadoras que exercen de boa fe un horario establecido pola práctica consuetudinaria durante moitos anos.

O cumprimento horario debe estenderse tamén aos “cargos electos” que perciben unha remuneración salarial do Concello, xa que independentemente de que atendan as súas funcións fora do horario de 8.00 a 15.00hh, este debe ser de obrigado cumprimento para atender á veciñanza na casa do Concello (en función de que teñan xornada completa ou parcial) e independentemente de que as funcións do cargo obriguen a estar fora da mesma en ocasións puntuais, como por exemplo xuntanzas e reunións con outras Administracións, que computarían proporcionalmente como xornada. Este horario só debера ser exento de cumprirse nos casos nos que se estableza quenda de tarde para facilitar a atención cidadá, e na mesma proporción.

O sistema de selección para o acceso ao emprego público.

Este ven marcado na propia Lei: oposición, concurso e concurso-oposición.

O persoal ao servizo da Administración Pública debe ser seleccionado mediante procedementos públicos que garantan o acceso en condicións de igualdade, mérito e capacidade. Os procedementos máis habituais son:

Oposición. Consiste na realización de unha ou máis probas para determinar a capacidade e a aptitude das aspirantes, fixando a súa orde en función da puntuación obtida.

Concurso. Ten por obxecto avaliar os méritos dos aspirantes ao posto segundo o baremo establecido, que fixa a súa orde de puntuación.

Concurso-oposición. É un sistema mixto no que se combinan os dous anteriores.

O Sistema de acceso á traballar na Administración pública depende do posto de traballo que se vaia ocupar: persoal funcionario, persoal eventual, persoal interino e persoal laboral. Na actualidade a inmensa maioría de postos de traballo a cubrir no Concello son eventuais e é a través do servizo público de emprego (Servizo Galego de Colocación, SGC), que é a entidade que inicia o proceso. Este comeza co envío dos perfís que cumpren os parámetros segundo a demanda que solicita o Concello, e unha vez convocados sométense no Concello a un proceso de méritos (e de requisitos obrigados pola subvención doutras administracións que co- financia ditos contratos). Este é un proceso totalmente legal e estendido na maioría de concellos. Agora ben, tamén se poderían empregar outros.

Neste sentido, o noso grupo propón que en futuras ocasións se faga a través de convocatorias públicas, ou polo menos con publicidade do proceso, análogo ao que se fai coas bolsas de emprego, e non só a través da convocatoria desde o SGC.

No caso de que a convocatoria dunha administración superior (normalmente é a Xunta ou Deputación quen cofinancian este tipo de contratos laborais) obrigue a realizala a través do SGC, entón o Concello de Ribadavia debe anunciar publicamente os postos de traballo a cubrir e o procedemento que se vai levar a cabo e iniciado desde o SGC. Isto a día de hoxe non acontece así, orixinándose situacións nas que cidadás interesadas nun posto de traballo descoñecen dita convocatoria, ou ben coñecéndoa non realizan a inscrición correctamente no SGC.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Previsión de xubilacións e prexubilacións de persoal municipal. O goberno debe prever estas situacións e adiantarse a elas. Cremos que estas prazas ou postos que queden baleiras deberían cubrirse a través do concurso- oposición ou oposición libre, segundo o estableza a norma e de acordo á lei.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Que todas as traballadoras e traballadores municipais exerzan o horario que teñen recoñecido no contrato, de acordo á lei.

Que cando o servizo o require e teñan que aumentar horas, estas lle sexan recoñecidas legalmente e remuneradas, de acordo á lei.

2.- Que os cargos electos que perciben remuneración salarial do Concello cumpran tamén como mínimo o horario de atención ao público de acordo coa súa situación, dependendo do apercibimento de salario completo ou parcial, e de acordo á lei.

3.- Implementar de acordo á lei, un servizo de sinatura de entrada e saída do posto de traballo, a través dun método flexible en función da natureza e horario do servizo municipal correspondente. O obxectivo é o de dar recoñecemento oficial á xornada laboral que veñen desenvolvendo os traballadores municipais. Inclúense tamén "cargos electos" que perciben unha remuneración salarial do Concello.

4.- Que o Documento RPT sexa trasladado a todos os traballadores e traballadoras, independentemente da súa situación contractual, para acordar e consensuar con eles e elas cada posto de traballo, e se converta este no Documento de referencia e de obrigado cumprimento da organización municipal das áreas, servizos e postos de traballo existentes no Concello de Ribadavia, de acordo á lei.

5.- Que os postos de traballo a cubrir no Concello sexan sempre a través de convocatorias públicas, sexan para postos temporais ou non, de acordo á lei na que xa está marcado a súa obrigatoriedade dependendo de que o sistema de selección sexa para persoal permanente ou temporal. Que nos casos temporais sexan tamén convocatorias públicas, ou cando menos a través de anuncios públicos para que poida concorrer calquera cidadá que cumpra os requisitos esixidos, de acordo á lei.

6.- Previsión futura de xubilacións e prexubilacións de persoal municipal. Prever estas situacións e adiantarse a elas, segundo o estableza a norma e de acordo á lei".

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un(Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reserváanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., P.P., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para sinalar que esta proposta é unha continuación da presentada e aprobada no pasado pleno sobre a estabilidade laboral; de seguido explica a proposta presentada sinalando que a mesma o que quere é unha mellor organización e funcionamento do Concello; en canto os horarios sinala que os traballadores deberían axustarse o que se establece no seu contrato e o mellor no se está a cumprir todolo non imputable os traballadores senon ao denominado dereito consuetudinario, dí que o horario exténdese tamén os cargos electos con adicación exclusiva, en todo caso solicítase un horario mínimo de atención o público, deixando claro que a súa adicación é de 24 horas; en canto o acceso ao emprego público pide que se faga a través de convocatorias públicas así como tamén unha negociación individualizada da R.P.T. con cada un dos traballadores.

O Sr. Vázquez López, anuncia a súa abstención pola ambigüedade da proposta e polas contradicións que vé na mesma; en canto o Alcalde e concelleiros dí que a adicación é todo o día e non teñen porque cumprir un horario; en canto as convocatorias públicas parecelle ben e o tema da R.P.T. haberá que estudialo e valorala axeitadamente.

O Sr. García Soto, sinala que coincide con varias custións da proposta, como os puntos 4-5 e 6 se ben ten dúbidas dos puntos 1 a 3, polo que anuncia a súa abstención; dí que a organización do Concello corresponde o grupo de goberno e o tema da presenza do Alcalde e concelleiros no Concello non o vé necesario é máis sinala que canto menos esten mellor xa que deberían estar facendo xestións fora para conquistar cuestións para os veciños do Concello.

O Sr. Fernández Gil, sinala que os puntos de acordo da proposta son perfectamente asumible, polo que van a votar prol da mesma.

O Sr. Iglesias Sendin, intervén para sinalar que comparte algunhas cuestións e outras non; cree na profesinalidade e o bo facer de todos os traballadores do Concello; en canto o tema da RPT dí que habera que consensuala e as convocotarias públicas así se levan facendo, indicando que os tribunias así o estan avalando; en canto o horario dos cargos electivos dí que non é un problema, dí que o mellor hai que poñer un horario de atención o público, pero pensa que o que se prantexa xa se está a facer, anunciando a súa abstención.

Intervén o Sr. Alcalde para felicitar o voceiro do grupo municipal do B.N.G. pola súa argumentación; sinala que non está de acordo en que os cargos públicos teñan un horario xa que está non é filosofía das adicacións exclusivas.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: : votos a prol, seis (P.P. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); abstencións sete (P.S.O.E., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte por maioría fica aprobada a referida proposta.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

6.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS BASES DO 12º PREMIO ABRENTE DE TEXTOS TEATRAIS.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" Pola presidenta da comisión dase conta das bases para a convocatoria do XII Premio Abrente para textos teatrais que constan no expediente, dí que son semellantes a de anos anteriores, procedendose de seguido a súa votación, obtendose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fican ditaminadas favorablemente".

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Nestes intres abandoa o salon de sesión o Concelleiro Don Celso Sotelo Barroso.

7.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. POLA INSTITUCIONALIZACION DO DIA DO REPRESALIADO/A.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"Tralas homenaxes vividas a pasada semana, é observando o interese e a participación cidadá nos mesmos. Sumando isto, aos feitos acaecidos o 9 de febreiro de 1937 na nosa vila e os posteriores agravios continuos ás vítimas de asasinato e as súas familias fundamentalmente ás mulleres.

Co fin de devolverlle a súa dignidade e recompensarlle o seu afán loitador e de superación. SOLICITAMOS Que o nove de febreiro sexa, en Ribadavia, o día das represaliadas e represaliados do franquismo.

Oficiándose actos de memoria histórica ese día sen detrimento dos que se podan realizar o longo do ano".

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous(B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Garcia Soto, para explicar a exposición de motivos das proposta, indicando que tras as homenaxes vividas a pasada semana, é observando o interese e a participación cidadá nos mesmos, parcelle axeitado a institucionalizacion do dia do represaliado/a.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Fidalgo Martínez, anuncia o seu voto a prol, di que os actos que se fixeron souperonlle a pouco e que non se cumpriu na súa totalidade a moción aprobada polo pleno.

Nestes intres incorporase o concelleiro Don Celso Sotelo Barroso.

O Sr. Fernández Gil, di que a proposta presentada é un complemento da moción presentada no seu momento, moción na que se abstiveron e o mesmo van a facer coa proposta de hoxe.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E.. ,B.NG., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

8.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOLICITANDO A INCLUSION DOS ESPAZOS CULTURAIS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS AGADIC.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta dunha moción presentada polo voceiro do P.P. que se acha no expediente e que de seguido transcribese: "Exposición de Motivos

A Rede Galega de Teatros e Auditorios 1996 co obxectivo de impulsar a distribución dos espectáculos galegos. A Rede consolidouse nestes anos como o principal circuíto para a exhibición da produción escénica galega de carácter profesional, á que dota de estabilidade na súa programación habitual.

Este programa cofinanciado entre Agadic e os espazos adheridos baséase na contratación artística de espectáculos de artes escénicas e musicais, tendo un especial protagonismo o teatro galego. De feito este circuíto é un elemento fundamental de promoción, difusión e distribución das artes escénicas realizadas en Galicia.

A cofinanciación dos espazos varía entre o 40% e o 60% segundo os seguintes criterios establecidos na súa normativa:

- número de habitantes do concellos onde se sitúa o espazos, hai unha porcentaxe de apoio económico maior aos concellos con menos número de habitantes
- segundo a disciplina artística

A participación neste circuíto está sempre aberta e calquera concello pode participar, sempre que cumpra dúas condicións:

- Disposición dun espazo escénico con unhas condicións técnicas mínimas
- Compromiso de cofinanciamento das programacións.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia, consideramos que un concello coma o noso debe contar cunha programación cultural dinámica e desestacionalizada, que redunde nunha mellora da calidade de vida da nosa veciñanza e que convirta a Ribadavia nun lugar máis atractivo, se cabe, para desenrolar un proxecto vital.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo:

a) Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, os trámites para inscribir as infraestruturas culturais de Ribadavia na Rede Galega de Teatros e Auditorios de AGADIC."

De seguido sométese a votación a urxencia da moción obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fernández Gil, para sinalar que o que se pretende con esta moción é que o Concello mellore a súa oferta cultural, xa que entenden que debe haber actividade cultural todo o ano, xa que as políticas activas culturais son un polo para a atracción de visitantes, un atractivo turístico e dinamizador.

O Sr. Vázquez López, anuncia o seu voto a prol, di que todo o que se poida mellorar será bo para o concello.

O Sr. Fidalgo Martínez, anuncia o seu voto a prol, di que o Concello ten moita actividade cultural grazas o tecido asociativo crítico que existe, sinala que está de acordo en desestacionalizar a actividade cultural o cál pode contribuir a traer persoas a vila.

O Sr. García Soto, dí que pode ser un complemento da oferta cultural que xa existe.

O Sr. Alcalde, dí que non coñece ben a Rede da Xunta pero si a da Deputación, sinala que estanse a incumprir as bases e que a oferta cultural debe ser para todos os Concellos; continua a dicir que non lle gusta o procedemento que se utiliza para a selección dos grupos, indicando que no momento que cambie o mecanismo non ten inconveniente en adherirse.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

O Sr. Fernández Gil, di que non comparte as afirmación do Sr. Alcalde; a cuestión é darlle saída a unha eiva que hai en materia cultural, lamentando que despois de escoitado o Sr. Alcalde non se vai a executar o acordo.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.P., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións cinco (P.S.O.E.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

9.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOLICITANDO A ENTRADA DO CONCELLO DE RIBADAVIA NA REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS CULTURAI DA DEPUTACION DE OURENSE.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta dunha moción presentada polo voceiro do P.P. que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:"Exposición de Motivos:

O Pleno da Deputación de Ourense, na sesión do 27 de maio de 2016, aprobou as bases reguladoras do Programa de cooperación da Deputación de Ourense cos concellos, para a creación e o cofinanciamento dunha rede de espazos culturais e a programación coordinada de actividades a nivel provincial .

O Obxecto deste programa é cofinanciar e cooperar conxuntamente cos concellos no fomento e a difusión das artes escénicas e da música na provincia, mediante a constitución dunha Rede de espazos culturais (auditorios, casas de cultura e centros multiusos) da provincia de Ourense, establecendo así mesmo o seu marco regulador.

Os requisitos para formar parte desta rede son :

- a) Dispoñer en propiedade dun espazo axeitado para o desenvolvemento da actividade escénica. Aqueles concellos que non dispoñan de local en propiedade deben acreditar unha relación de alugueiro ou autorización de uso coa entidade propietaria deste, asumindo, neste caso, a entidade arrendataria as condicións estipuladas no presente programa para os membros da Rede.
- b) Asumir por temporada a programación de, polo menos, seis espectáculos nos ditos espazos..
- c) Dispoñer dun técnico responsable da xestión da actividade no concello ante a Rede.
- d) Ter menos de 20.000 habitantes segundo a última cifra oficial publicada polo INE.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia, consideramos que un concello coma o noso debe contar cunha programación cultural dinámica e desestacionalizada, que redunde nunha mellora da calidade de vida da nosa veciñanza e que convirta a Ribadavia nun lugar máis atractivo, se cabe, para desenrolar un proxecto vital.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno municipal a adopción do seguinte **Acordo**:

- a) Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, os trámites para inscribir ao Concello de Ribadavia na Rede Provincial de Espazos Culturais da Deputación de Ourense".

De seguido sométese a votación a urxencia da moción obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.P., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións cinco (P.S.O.E.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

10.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICAICÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE AXUDA ECONOMICA MUNICIPAL PARA A ATENCION DE NECESIDADES DE EMERXENCIA SOCIAL.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Benestar Social de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha moción de urxencia e que de seguido transcríbese:"**DON JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ, ALCALDE DO CONCELLO DE RIBADAVIA**, ten a ben a propoñer ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora de axuda económica municipal para a atención de necesidades de emerxencia social.

SEGUNDO. Someter devandita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno".

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Electores Ribeiro en Común.- Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións sete (P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común.).- Por conseguinte por maioría fica aprobada a referida proposta.

11.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOLICITANDO A CESION AS ASOCIACIONES CON DOMICILIO EN RIBADAVIA DA ANTIGA SEDE DO CONSELLO REGULADOR.-

Dase conta polo Secretario da moción presentada polo voceiro do P.P. solicitando a cesión as asociacións con domicilio en Ribadavia da antiga sede do Consello Regulador, co seguinte tenor literal:" **Exposición de Motivos:**

Na visita que a conselleira do Medio Rural, Ánxeles Vázquez, ven de facer a Ribadavia, asinou o convenio co Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro, polo cal a consellería cede unha parte do edificio no que está situada a Oficina Agraria Comarcal para uso do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro. Esta cesión implica o cambio de sede do Consello Regulador, o que supón que quedará baleiro o inmovible, de titularidade municipal, situado na rúa Salgado Moscoso número 6 que, a día de hoxe está ocupado pola sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro.

É ben coñecido por todos os membros da corporación municipal a demanda existente, por parte das asociacións con domicilio no concello de Ribadavia, dun local para levaren a cabo a súa actividade cotiá, reunirse e desenvolver actividades relacionadas cos seus fins sociais. Parece evidente, polo tanto, que ante a marcha do Consello Regulador deste local, e dada a demanda existente, o Concello habilite este inmovible de titularidade municipal para a utilización das asociacións con domicilio no Concello de Ribadavia.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **Acordo:**

a) Instar ao goberno municipal a iniciar, de xeito inmediato, as actuacións necesarias para poñer a disposición das asociacións, con domicilio en Ribadavia, o inmovible de titularidade municipal situado na rúa Salgado Moscoso número 6 que servía de sede ao C.R.D.O. Ribeiro".

De seguido sométese a votación a urxencia da moción obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

O Sr. Fidalgo Martínez, parecelle ben a proposta pero haberá que abordar o tema do regulamento do espazo; solicita que a supervisión de control do edificio se faga polo Concello e pregunta se hai solicitude da Banda Lira.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Alcalde sinala que hai peticións da banda lira e outras asociacións (a do patrimonio cultural-relixioso, mulleres rurais, Artificial, Noite Meiga...); dí que haberá que consensuar un regulamento do espazo se ben sinala que a data de hoxe o Concello non ten constancia de ningunha cesión, neste caso reversion do edificio o Concello, non obstante van a apoiar a proposta.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

12.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMUN PARA QUE O CONCELLO DEA UNHA SOLUCION PARA OS DEZ NENOS E NENAS QUE QUEDAN FORA DO SERVIZO DE GARDERIA EN RIBADAVIA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta dunha moción presentada polo voceiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

"PROPOSTA MOCION PARA QUE O CONCELLO DEA UNHA SOLUCION PARA OS 10 NENOS E NENAS QUE SE QUEDEN FORA DO SERVICIO DE GARDERIA EN RIBADAVIA.

Na actualidade en Ribadavia sigue habendo unha lista de espera de 10 nenos e nenas na escola infantil de Ribadavia que se quedan fora deste servizo, polo que pedimos que o Concello tome medidas para arranxar esta situación.

Así, continuamos tendo 5 nenos e nenas cuxos pais e nais están empadroadas en Ribadavia e seguen sen praza na "Galiña Azul". 2 nenos cuxos pais/nais traballan en Ribadavia tampouco teñen praza, e 3 nenas cuxos pais e nais de concellos limítrofes quizais se poderían empadroar no noso municipio de ter praza en Ribadavia.

En total 10 nenos e nenas sen praza e á espera de que o goberno do Concello de Ribadavia e da Xunta de Galicia arranxen un servizo que debería ser máis importante para os nosos gobernantes. Para os seus pais e as súas nais si que o é.

O Concello de Ribadavia debe liderar a iniciativa para que a nosa escola infantil teña a capacidade que se lle demanda. Cremos que esta medida é necesaria e imprescindible. Por unha banda, para darlle un servizo aos veciños cuxos fillos quedan fora, por outra banda, é unha medida imprescindible para afianzar que estes veciños se afiancen no censo, e que un servizo tan básico sexa motivo para que novos veciños se censen no noso municipio.

Na actualidade a alternativa que teñen os pais e nais dos nenos e nenas que se quedan fora da escola infantil é ir ao concello da Arnoia ou de Melón que si dispoñen de prazas, optar por servizos de iniciativa privada que por sorte existen en Ribadavia, ou mesmo optar polas novas casas niño que existen ou se van crear na comarca fora do municipio de Ribadavia.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Ademais desta nova aula, o Concello de Ribadavia como propietario e titular do edificio que alberga a Gardería, debe ir deseñando un proxecto de arranxo do tellado da Galiña Azul, xa que é demasiado vello e atopase en mal estado. Así o veu advertindo no pasado verán o instalador do sistema de aire acondicionado que informou da situación de deterioro do tellado, e aconsellou o seu arranxo.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte **ACORDO:**

- a) Que o Concello de Ribadavia arranxe un aula máis no edificio da actual escola infantil e a poña a disposición do Consorcio Galego de Benestar e da Xunta de Galicia para que no vindeiro curso se abra unha Aula máis na escola infantil de Ribadavia para facerlle fronte á demanda existente e ás listas de espera que hai desde fai anos. Se seguimos o exemplo de outros municipios, é o concello titular da infraestrutura quen debe dispoñer unha nova aula para que o Consorcio amplíe as prazas da propia Galiña Azul, e así as nais e pais de Ribadavia e as persoas que se queiran censar no noso municipio poidan levar aos seus fillos e fillas a unha gardería en Ribadavia.
- b) Que o Concello de Ribadavia, como propietario e titular do edificio que alberga a Gardería, deseñe un proxecto de arranxo do tellado da Galiña Azul para proceder a súa substitución e mellora, xa que é demasiado vello e atopase en mal estado. Para a súa execución se busque colaboración de outras Administracións superiores".

De seguido sométese a votación a urxencia da moción obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (Agrupación de Electores Ribeiro en Común, B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E. e P.P.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para reiterar o manifestado na exposición de motivos da proposta, dí que ano tras ano quedan nenos/as fora da gardería e nestes intreos temos a 10, sinala que hai unha problemática que o Concello debe resolver, por eso a presentación da proposta.

O Sr. Vázquez López, dí que votará a prol e que lle parece unha boa nova a demanda de prazas da gardería.

O Sr. Garcia Soto, dí que isto é unha medida para evitar o descenso demográfico polo que anuncia o apoio do seu grupo.

O Sr. Iglesias Sendin, estando a prol da proposta dí que haberá que ver se se cumpren os ratios alumnos/profesores, di que estamos ante competencias compartidas así unha cousa é a titularidade e outra a prestación do servizo. Finaliza dicindo que lle



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

parece ben o proposta xa que con este se pode contribuir a fixar poboación e a conciliación familiar.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

13.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.deG. P.S.O.E., SOBRE NOMEAMENTO DO AUDITORIO DO CASTELO COMO AUDITORIO "RUBEN GARCIA".-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta dunha moción presentada polo voceiro do P.SdG-PSOE que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.deG. P.S.O.E., SOBRE NOMEAMENTO DO AUDITORIO DO CASTELO COMO AUDITORIO "RUBEN GARCIA".-

EXPOSICION DE MOTIVOS.-

A Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT) é o festival internacional de teatro máis importante do teatro galego. Naceu no ano 1984, coa dirección de Rubén e alentado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, co afán de crear un espazo de exhibición e un encontro escénico internacional, como continuación das Mostras de Teatro Abrente de Ribadavia celebradas entre 1973 e 1981.

Rubén García, foi fundador e puxo en marcha a Mostra de Teatro Galego Abrente en Ribadavia, en 1973, con só vinte e dous anos, xunto con outros históricos do teatro como Manuel Lourenzo. Foi director artístico da feria galega de artes escénicas, director de grupos afeccionados como o Teatro do Vilar; impulsor da Mostra de Teatro en Ribadavia, cando ésta aínda pasaba desapercibida no mapa; e director da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia dende que comenzou en 1984.

Dende 1981 ata 1984 fixo os traballos de dirección da Mostra Galega de Teatro, ata que se conseguiu a internacionalidade da MIT, grazas a súa adicación e amor polo teatro. Cos poucos fondos e recursos cos que se contaban, xa naqueles anos pasaron por Ribadavia compañías de renome, profesionais e internacionais como Teatro Corsario, La Cubana, Tanttaka Teatros, Animalario, Teatro do Noroeste e Teatro en el Aire, e La Fura dels baus,entre outras.

Un home de teatro, un home comprometido que conseguiu contaxiar a súa paixón teatral a todos e cada un dos cidadáns de Ribadavia e os que pasaron pola Mostra, de ideoloxías, idades e ideas distintas.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Pódese considerar, por todo isto, a Rubén Gracía como un dos pais do teatro galego; un referente do teatro galego que tivemos a sorte de ter entre nós ata 2008.

E por todo elo **PROPOÑEMOS** o Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o auditorio do Castelo pase a denominarse Auditorio " Rubén García".
2. Que se proceda a colocación dunha placa co seu nome en recoñecemento ó seu traballo.
3. Que se proceda a sinalización do Auditorio co seu nome.

De seguido sométese a votación a urxencia da moción obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o Pleno os membros do P.P.. Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para sinalar que a nadie se lle escapa a dimensión da figura de Rubén Garcia, dí que puxo en valor o que hoxe é o escaparate teatral a nivel galego e nacional, pensa que dito acto chega tarde e espera o apoio de todos os grupos a proposta.

O Sr. Vázquez López, anuncia o seu voto a prol en aras a súa labor e recoñecemento.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que Rubén Garcia merecía unha homenaxe, se ben propón unha enmenda a proposta no senso que se engada a denominación do auditorio do Castelo a figura de "Abrente", pasando a denominarse Ruben Garcia-Abrente.

O Sr. Garcia Soto, sinala que na exposición de motivos hai varias eivas en concreto non se fala da xenese que é o movemento Abrente, dí que recoñecendo a importancia da figura de Ruben Garcia, necesítase unha mellor argumentación polo que anuncia a súa abstención a proposta.

O Sr. Fernández Gil, sinala que coincide co falado sobre a persoa de Rubén Garcia, se ben entende que o procedemento debería ser outro, así sinala que debería abrirse un proceso de adhesión co obxecto de dignificar a homenaxe que se quere facer, polo que prantexa deixar o asunto sobre a mesa para completar o expediente e por en valor a figura da persoa que se quere homenaxear, indicando que no caso contrario o seu grupo absterase.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que o importante é o recoñecemento da figura de Rubén Garcia; dí que Abrente e Rubén Garcia van unidos polo que non ve problema no nome, polo que propón adoptar o acordo e despois abrir un procedemento de adhesións.

Despois de varias intervencións dos presentes o Sr. Alcade deixa o asunto sobre a mesa para falar coa familia sobre o tema e como articular o procedemento.

14.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. PARA DEMANDAR MAIOR PESO EN RIBADAVIA PARA ROSALIA DE CASTRO.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sra. Presidente da conta dunha moción presentada polo voceiro do B.N.G. que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

"O BNG DEMANDA MAIOR PESO EN RIBADAVIA PARA ROSALIA DE CASTRO

Nos últimos anos a sociedade galega ten desenvolvido numerosos actos de recoñecemento a figura de Rosalía de Castro. Nesta moción non imos enumerar as virtudes da nosa escritora nin o que significou para a recuperación do idioma galego e a súa dignificación.

O certo é que se ten instaurado en moitas vilas e cidades de Galiza o día 24 como o día adicado a maior e mais internacional figura das letras galegas, feito mais que demostrado nestes últimos meses nos que observamos como o recoñecemento ven dende as esferas mais insospeitadas.

No concello de Ribadavia non se esta a facer ningún acto ao redor desta figura pese a que é traballoda institución defender e difundir a cultura galega no seu conxunto e canto mais a figura de Rosalía.

No ano 2017, para mais significación, cúmprense 180 anos do seu nacemento.

É por isto que solicitamos:

1. se declare o 24 de Febreiro como día de Rosalía de Castro no concello de Ribadavia
2. se propoñan e desenvolvan actividades ao redor da súa figura en Ribadavia
3. se difunda e contribúa a exaltación da súa obra literaria e a súa importancia para o pobo galego."

De seguido sométese a votación a urxencia da moción obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Garcia Soto, sinala que estamos a falar da figura máis importante da literatura galega e recoñecida internacionalmente, que este ano cumprense o 180 aniversario e propón se desenvolvan actividades ao redor da súa figura en Ribadavia.

O Sr. Vázquez López, manifesta a súa conformidade coa proposta se ben podense facer varias matizacións sinalando a importancia do seu marido Manuel Murguía.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que Rosalía é a escritora por antonomasia de Galicia, estando aceptado incluso como símbolo nacional, polo que está a prol da moción presentada.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

15.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DA AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN PARA A MELLORA DO SERVICIO DE AUGA E ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE RIBADAVIA A TRAVES DE MUNICIPALIZACIÓN E XESTION DIRECTA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 20 de febreiro de 2017, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da conta dunha moción presentada polo voceiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

"MOCIÓN PARA A MELLORA DO SERVIZO DE AUGA E ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE RIBADAVIA A TRAVÉS DA SÚA MUNICIPALIZACIÓN E XESTIÓN DIRECTA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Con data 30.07.1995 o Concello de Ribadavia formalizou a concesión administrativa de xestión integral do Servizo municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Ribadavia coa empresa "Técnica de Depuración S.A." (TEDESA) (actualmente adquirida por F.C.C- Aqualia). En xuño de 2016 cando finalizaba o contrato de concesión no mes de xullo, o Pleno do Concello aprobou, a proposta do goberno local e cos votos favorables do Partido Popular e CxG, unha prorroga de UN (1) ANO na concesión da auga de Ribadavia en favor de FCC- Aqualia, aínda que dacordo coa cláusula 2ª parágrafo 2º do referido prego de condicións, a Administración poderá dispor a prorroga obrigatoria do mesmo ata un máximo de SEIS (6) ANOS, no caso de chegado o vencemento do contrato, ou dalgunha das súas prórrogas. Así fíxase como data de remate da concesión o vindeiro 30.07.2017, prorrogándose automaticamente ata un máximo de SEIS (6) ANOS, e en todo caso ata que o Concello acorde o modelo de xestión para a prestación do referido servizo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Este contrato rexese polo Prego de condicións Económico -administrativas do concurso para a concesión da xestión integral do Servizo municipal de abastecemento de auga, saneamento e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Ribadavia, aprobadas polo Pleno deste Concello con data 28.12.1995.

O servizo municipal de auga de Ribadavia. Custe do servizo e infraestrutura actual. En 2015-16, a pesar de que se encargou por parte do Concello un informe externo sobre os custes do funcionamento do servizo de auga, o contraste dos datos expresados no mesmo e a súa obxectividade non poden ser concluíntes. Polo tanto para o noso grupo este informe non debe ter sido en conta para esta análise que pretende discernir entre un modelo público e un privado, nunca avaliar as supostas bonanzas da xestión realizada pola empresa FCC- Aqualia e adlateres.

Unha nova captación de auga en Ribadavia.

En sucesivos épocas pasadas déronse certos problemas de abastecemento de auga en Ribadavia, así, en tempadas de secas e ausencia de chuvias, como por exemplo en agosto e setembro do ano 2011, tivo que reducirse a presión no subministro de auga á veciñanza.

Ribadavia precisa para o seu futuro respostas e solucións que permitan resolver o problema de abastecemento de auga de maneira estrutural que sexa quen de garantir o subministro axeitado á veciñanza independentemente das estacións e condicións meteorolóxicas ao longo do ano.

O anterior goberno chegou a declarar que “cada vez que se rexistra unha temporada de seca correse o risco de non só ter que levar cortes de auga, senón incluso de quedar sen subministro”. Así ademais o actual goberno ten afirmado publicamente que Ribadavia precisa dunha nova captación de auga.

A opción máis eficiente e menos gravosa para as arcas municipais, e tendo en conta as condicións da concesión vixente, semella de pura lóxica que a actual empresa concesionaria nunca a levará a cabo por vontade propia, sen obter a cambio algún beneficio empresarial como poida ser un novo contrato de concesión ou prorroga. A mesma lóxica é aplicable a outras empresas candidatas.

A participación do ente Augas de Galicia debe ser prioritario nesta nova etapa do servizo municipal de auga e abastecemento. Pero de continuar a súa ausencia nunca debe ser a excusa que impida que o Concello de Ribadavia sexa quen xestione directamente o servizo.

Subcontratación de Aqualia a outras empresas.

Teñen transcendido publicamente casos nos que a empresa Aqualia subcontratou a outras empresas determinadas fases da xestión da auga, e que como consecuencia acaban padecendo casos de corrupción que traen sobrecustes ao servizo, sendo as Administracións que traballan con Aqualia as máximas perxudicadas. Sucedeu así por exemplo na chamada “operación patos” con noticias publicadas en setembro de 2015, e cuxos feitos se remiten a dous anos antes na xestión das depuradoras de Aqualia.

A marxe de beneficio empresarial de calquera empresa concesionaria, e os perigos potenciais dos servizos públicos básicos en mans privadas.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O simple aforro do chamado marxe de beneficio empresarial suporía un marxe importante para reverter nas arcas municipais. O modelo de xestión pública tense demostrado en moitos concellos coma o de maior eficiencia para as arcas públicas, xa que entre outras cuestións ao prescindirse do beneficio empresarial, este pode pasar a ser municipal e estas cantidades serían un activo municipal que pode destinarse ao investimento das infraestruturas e da rede municipal de auga e abastecemento.

Garantir a transición de modelo privado a público

Respecto á transición dun modelo a outro, o noso grupo entende que se garantiría, entre outras cuestións coa subrogación dos traballadores de Aqualia no servizo de Ribadavia, asegurándonos a continuidade no servizo. Estamos a falar de 1 técnico superior, 1 administrativa, 1 oficial e 2 operarios.

A dirección do servizo correspondería ao Concello, sendo o Alcalde a máxima autoridade, e dirixido desde a concellería correspondente, si así se estimara.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte **ACORDO:**

-Que o Concello inicie un proceso de Remunicipalización do servizo de auga e saneamento municipal, proceso que debe rematar antes do 30 de xullo de 2017, data na que se prorrogará a concesión da auga de Ribadavia á empresa Aqualia- FCC. Sempre de acordo coa normativa vixente.

-ue o Concello evite unha nova prorroga na concesión da auga de Ribadavia en favor de FCC- Aqualia, xa que esta vez sería de SEIS (6) ANOS, no caso de que non se decida o modelo de xestión municipal de auga e abastecemento antes do 30.07.2017.

-Que se garanta a transición dun modelo privado ao público a través da subrogación ao Concello dos traballadores/as do servizo de Ribadavia ligados a Aqualia- FCC, asegurándonos a continuidade no servizo. Sempre de acordo coa normativa vixente".

De seguido sométese a votación a urxencia da moción obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (Agrupación de Electores Ribeiro en Común e B.N.G.); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E., P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para explicar o contido da moción, dando conta en primeiro lugar da exposición de motivos; dí que dende que prorrogamos o contrato non se fixo nada e xa pasou case un ano, indicando que nos atopamos ante un contrato en precario; indica que una municipalización do servizo redundará nunha maior liquidez do Concello. Finaliza a súa intervención relacionando as propostas de acordo da moción presentada.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Sr. Vázquez López, sinala que vaise a abster dada a complexidade do asunto, emplazando o goberno e voceiros para tratar de chegar a un acordo que sexa beneficioso para os veciños.

O Sr. Garcia Soto, manifestar a súa conformidade coa municipalización do servizo de abastecemento e saneamento polo que van a votar a prol da proposta.

O Sr. Fernández Gil, dí que as súa postura é coñecida, dí que son partidarios duna xestión indirecta xa que ten dubidas de que o Concello teña capacidade suficiente para atender un servizo tan sensible como este. Finaliza dicindo que o que si habera que facer é poñerse a traballar nun mellor prego de prescripción técnicas para sacar a concurso a concesión.

O Sr. Iglesias Sendin, sinala que a data de hoxe parece positivo a privatización do servizo, dado como estaba antes o servizo e como está agora; dí que día de hoxe o Concello non está capacitado para levar un servizo tan sensible como este; dí que o Concello ten un problema coa captación cuestión que haberá que solucionar. Finaliza dicindo que non pasaran 6 anos sen acometer o problema indicando que antes dun ano o tema debe estar resolto, haberá que ir a un concurso e se a oferta non é beneficiosa para o Concello poderá deixarse deserto.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que FF.CC. non é unha empresa especialista en abastecemento e saneamento, dí que subcontrata a maioría dos traballos e sinala que algunha empresa a que subcontratou estivo implicada na "operación Patos"; dí que como todas as grandes empresas aproveitanse dos políticos para obter contratos e así despois estamos ante as denominadas "portas xiratorias". Finaliza a súa intervención dicindo que a súa proposta non vai pola externalización senon pola municipalización.

O Sr. Fernández Gil, sinala que a iniciativa privada é lexítima para desenvolver un servizo, facendo fincapé que a liberdade do individuo leva aparelado a capacidade para desenrolar iniciativa privada.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que a nova captación non vai a vir da empresa, senon que tendrá que ser o Concello o que leve a iniciativa, indicando que se na xestión do servizo a empresa comete un erro o responsable tamén é o Concello.

Intervén o Sr. Alcalde, para puntulizar que a prórroga no é de 6 anos, é de ano en ano ata un máximo de 6 anos, indicando que haberá que avaliar cál e a proposta mellor, o debate non é público ou privado senon haberá que ver as características do servizo para optar por unha ou outra; emplaza o voceiro de Ribeiro en Comun para que lle faga chegar o modelo de xestión doutros concellos que o teñen municipalizado. Finaliza dicindo que haberá que facer un prego de condicións axeitado, xa que considerará que nestes intres o Concello non está en condicións de recuperar o servizo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); votos en contra, cinco (P.P.); abstencións, seis (P.SO.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte por maioría fica rexeitada a referida moción.

16.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo moción de urxencia.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López formúlanse os seguintes rogos:

1º ROGO.- Que antes de Semana Santa se sinalice o acceso a Ribadavia e as Termas tanto na N-120 como na Autovía A-52.

2º ROGO.- Que se proceda a retirar os paneis informativos que se atopan en mal estado, en concreto o que hai no campo de fútbol de herba artificial e Extramuros.

3º ROGO.- Que se proceda a limpeza dos entullos que hai na zona do ábside de Santo Domingo.

Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Solicita que se colguen na páxina web os plenos gravados do Concello, xa que hai moi poucos colgados.

2º ROGO.- Que por parte da Concellería de Cultura se programe algunha actividade cultural durante a vindeira semana santa.

1º PREGUNTA.- Na Xunta de Goberno Local de data 20.02.2017 adxudicaronse en réxime de concesión varios postos da praza de abastos. Di que o seu grupo habia presentado o 10 de xaneiro un escrito no que solicitaba que os postos valeiros se sacasen por concurrencia competitiva tal como establece o regulamento así mesmo que di que no referido escrito solicitou a convocatoria dunha comisión municipal para tratar temas relacionados coa praza de abastos, polo que pregunta se se vai a facer caso o referido escrito ou non.

Resposta o Sr. Alcalde: Contestaralle por escrito.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2ª PREGUNTA.- Respecto o parque empresarial, recorda unha moción presentada polo seu grupo e aprobada polo pleno respecto a reversión da parcelas non edificadas, interesalle saber como está o tema e a que se debe que na páxina de Xestur haxa unha parcela en estado de reserva.

Resposta o Sr. Alcalde: Contestaraselle por escrito.

3ª PREGUNTA.- En relación coa moción sobre o Centro de Saúde presentada polo seu grupo e aprobada polo Pleno , interesa saber se se remitiu as administracións competentes e se consta no concello cesión dos terreos ao Sergas para a construción do novo Centro de Saúde.

Resposta o Sr. Alcalde: Contestaraselle por escrito.

4ª PREGUNTA.- A estrada OU-504 o tramo da rúa Ribeiro-Carballiño pasou a titularidade do Concello, interesalle saber se foi unha boa xestión o asumir dito tramo polo Concello se temos en conta os danos que se produciron na mesma, en concreto en tramos que a Conselleira non arranxou se ben tivemos que asumir igualmente.

Resposta o Sr. Alcalde: Contestaraselle por escrito.

5ª PREGUNTA.- Interesa saber a que se debe unha factura sobre actuacións no campo de fútbol de San Cristovo por importe de 600 euros e se esa factura vai incluída dentro da subvención para mantemento de instalacións.

Resposta o Sr. Alcalde: Contestaraselle por escrito.

Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlase o seguinte rogo:

ROGO.- Con motivo do pasado temporal na zona da concentración parcelaria de Santo Andre atopanse camiños cortados, polo que solicita se proceda a súa limpeza.

Concluído o anterior, ás once menos cuarto da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*